

Santiago, Camiño de Solidariedade

Xesús Orbegozo e Hugo Fernández

Coa axuda de Compostela formaremos produtores capaces de xerar riqueza

Fixeron o Camiño a Compostela cruzando o Atlántico, ó revés de tantos miles de galegos que tiveron a necesidade de emigrar a América Latina fuxindo da fame ou dunhas

Entón darán conta dos resultados obtidos cos sesenta millóns recibidos.

—Cal é a vosa primeira impresión?

—Estamos coa boca aberta de admiración e incredulidade, un pouco decindo ¿isto é posible? Gústanos a harmonía que un vai respirando ó longo das rúas, das praciñas que hai en todas partes, dos arcos, dese espírito de recollimento que inspira cada cruceiro da cidade. Logo, o carácter sensible, espiritual, hospitalario, doce, dos habitantes da cidade. E a actitude marabillosa do alcalde Sr. Estévez do concelleiro Sr. Villanueva e do director-xerente do Auditorio Sr. Denis cara a Latinoamérica. Son grandes conecdores das nosas tremendas carencias e están dispostos a ayudar, a participar, a "devolver" na medida das súas posibilidades algo do que América Latina deu a tantos galegos. Eles dous e outros compañeiros están a escribir unha páxina importante da nosa historia e a palabra solidariedade de con mayúscula.

Cos señores Estévez, Villanueva e Denis, Santiago está a mobilizar Europa, outra vez máis, e algo máis que Europa: América.

—Quizais tinamo-los ollos postos en Europa e esquecimos nos últimos tempos América Latina.

—En efecto. Estamos tentando estreita-los lazos que unan os dous continentes. Cando vimos a exposición "Santiago en América" comprendimos porque temos que colaborar e axudarnos mutuamente. A nosa relación ven de época colonial e fináno-la obriga de retomar. Santiago é parte do noso espírito.

—Trinta millóns para cada unha das vosas organizacións servirán para moito?

—Para Venezuela e Bolivia é unha cantidade significativa, con máis relevancia por suposto da que podería ter en Europa. En Venezuela vai servir de axuda a unha poboación dos Andes con grandes necesidades educativas. Tentaremos rescatar a poboación excluída do sistema educativo mesmo a través da capacificación polo traballo. En Bolivia traballaremos na parte de asistencia técnica e melloramento tecnolóxico da producción campesiña. Melloraremos tamén os aspectos de comercialización e os de infraestruc-

condições políticas adversas. Chegaron e entusiasmáronse. Xesús Orbegozo, director xeral do Movemento de Educación Popular Integral "Fe y Alegría" de Venezuela e Hugo

Fernández, director nacional de CIPCA, Centro de Investigación e Promoción do Campesinado de Bolivia, tiveron un primeiro contacto en Compostela, co alcalde da cidade e

o director do Auditorio de Galicia, para recibir as axudas concedidas a establecer canles de participación e colaboración mutuas. Volverán en maio do ano próximo.

—Vostedes falan non de esmola senón de reciprocidade?

—As cultura indíxenas teñen unha palabra dentro da súa cultura que é a reciprocidade, a cultura do don, é dicir cando estamos más ben nun contexto de sociedad de consumo é difícil entendelo que significa a cultura do don, a dar, porque esa é parte da cultura normal da reciprocidade: darse mutuamente. Así chegaremos, no terreno da cooperación, a discutir a un nivel de igualdade cales son as medidas máis axentadas para canalizalas axudas ó desenvolvemento, cando este non é unha imposición, unha cominneración do que ten máis polo que ten menos, senón unha construción conjunta, algo que enriquece a ambos: o que da e o que reciba.

Pretendemos ensinar a pescar e non dar peixe. Por exemplo si en Venezuela forámos capaces de dar tres anos de Educación Básica de calidade a todo venezolano, o país sería diferente. E niso estamos.

Queremos formar produtores capaces de xerar riqueza e non de consumila soamente. Vostedes van axudarnos. Un país sen educación indíxena poderá ser libre.

E moi posible que a partir deste programa de solidariedade que nace en Compostela se establezan intercambios de profesionais, un voluntariado de persoas que desexen ir os nosos países a axudarnos na nosa tarefa. Estamos a pensar que hoxe é moi posible ue teña nacido unha nova "orde de Santiago", renovada, e para o século XXI.

Tareixa Navaza González



OS REPRESENTANTES DAS ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTAIS LATINOAMERICANAS.

Albán

tructura productiva. Parte dos caños aquí recibidos axudaron a mellorar a rede de camiños vecinais e sobre todo o camiño troncal que une as comunidades agrícolas das que estou a falar.

—Este proceso que se inicia agora vai ter continuidade?

—Pensamos que comeza un proceso de inter-relación que é importante, de tal xeito que non se remate un donativo só non que principia unha relación e integración entre a cidade de

Santiago e os pobos venezolanos bolivianos. Mesmo é importante que sexa no 93 e non no 92. A impresión dos indíxenas na celebración do ano pasado foi dicir: "moi ben pero borron e conta nova. Agora poñemos a traballar". E iso é o que estamos a facer con este "Santiago camiño de solidariedade". Pensamos que é o mellor xeito de celebralo VI Centenario.

Non queremos deixar de lembrar as verbas do alcalde

Xerardo Estévez no acto de presentación da campaña. Dixo que ten a novidade de incorporar unha campaña de sensibilización cida; para iso estableceremos acordos coa área de educación e centros sociais e cívicos da cidade para principiar a informar e a traballar cos materiais que imos deixar aquí —vídeos, revistas, material educativo... —, para que a xente coñeza estes proxectos e mesmo participe activamente.

Estamos coa boca aberta de admiración, un pouco decindo ¿isto é posible? Gústanos a harmonía que un vai respirando ó longo das rúas, das praciñas que hai en todas partes...

Compostela: unha sinfonía en pedra

Soaron os aplausos con forza, con afervoamento. Estabamos no Auditorio de Galicia con Alicia de Larrocha. Compostela e ela levan moitos anos unidas. Desde os inicios de "Música en Compostela". Hai uns trinta anos. Alicia foi pioneira con Monseñor Caballé, Federico Mompou, Conchita Badia, M^a Rosa Calvo Manzano, Andrés Segovia, Rosa Sabater —que pasou a substituila, nas clases de piano, e que anos despois perdiu a vida nun accidente aéreo que tamén nos deixou sen a pluma brillante do peruviano Scorsa— e tantos outros... Para Alicia, físico fráxil e talento inmenso, estar en Compostela é marabilosa, como un deseñado sono que se fai realidade alomenos unha vez ó ano. No seu apertado programa de actuacións, polo mundo, sempre hai un oco para esta cidade. É a saudade, o pensamento emocionado para tantos amigos que xa se foron.

Aquelas clases tan enriquecedoras, a hospitalidade da zente, as comidas nos pequenos restaurantes e nas tabernas típicas. A casa de don Manuel Beiras, na que ten unha cita obrigada sempre que ven a Santiago, porque o afecto, a amizade do matrimonio e a gastronomía engañan moi. Ningún fai un caldo, unha pescada ou unhas natillas como dona Mina Torrado.

Cóntame Alicia, con faciana de picara cativa, como ela e os profesores cataláns tiñan rebautizada a Praza do Obradoiro: Praza de Cataluña porque ten o Hostal, a Catedral, a Normal e o Palacio Municipal. E pon énfase no "ai" final dos catro edificios. ¡Que calidade de vida, canta humanidade nesta cidade! ¡Canto me relaxa despois de sete meses viviendo en Nova York!

Esta muller que ten no seu poder tres premios Grammy en USA, dous Edison en Holanda, a medalla de ouro de Bellas Artes e o Premio Nacional de Música en España, que actúa en todo o mundo coas mellor orquestras e directores, fala con humildade das boas críticas, dos triunfos, dos seus ensaios nos hoteis —onde consegue un piano na súa habitación— e contame como unha vez recibiu un ramo de flores cunha nota que dicía: son o seu veciño de habitación. Tocar que más e más alto por favor. Fala con admiración de Marta Argerich e M^a Joao Pires. Dille a Xosé Denis, director do Auditorio de Galicia: "Ti e más eu, como bos 'xemelgos', estamos tollos. Como Albeniz, Schumann, Wagner. Tolos polo inquietos, por querer estar en moitos sitios á vez, por indecisións. Somos cambiantes e nunca sabemos como imos reaccionar". Risca pola mención ó horóscopo e ó novo catecismo. Parece que cando Teresa Berganza está en Compostela gosta moi de ir ata San Fiz a contemplar o magnífico timpán romanico. Alicia delíxase no Pórtico da

MARÍA TEREIXA NAVAZA

Gloria. E xorden as lembranzas: cita anual na catedral, o Canto de Ulteira, o voar impresionante do Botafumeiro, o misterio das figuras do Pórtico, o prodixio do Mestre Mateo, os 24 Anciáns do Apocalipse, de dous en dous, ollándose, case falando, afinando os varidos e ricos instrumentos musicais, tan ben cantados por Rosalía de Castro. "Parceiros que los labios movean, que falan quedo / os uns cos outros, e alá n'altura / d'o ceo a música vai dar comenza / pois os graciosos concertadores / tempran risonos os instrumentos".

O piano foi sempre o seu xougue favorito. Non se lembra de ter xogado ou preferido outros. Pintaba o teclado cando apenas sabía caminar. Foi alumna favorita de Enrique Granados. Con el fixo unha excepción ó collela como estudiante cando era moi pequena. É a súa mellor intérprete. Deu o seu primeiro recital ós seis anos e os doce tocou o seu primeiro concerto na compañía dunha orquestra. A súa vida sen a música non tería sentido. Escreve Ernesto Cardenal no "Cántico cósmico": La materia en formación tuvo una música / y sus ecos son los cantos de las ballenas en el fondo del mar / o los Cuartetos de Beethoven. / Es la tierra quien canta en mí este Cántico Cósmico. Si nuestros ojos fueran más perfectos veríamos los átomos cantar. / El protón dicen que parece una fuga de Bach". Hai unha particularidade de Alicia que me emociona. O seu concepto da amizade, da xenerosidade, da hospitalidade que coido acompañan, vistes os más grandes. Sempre ten unha verba de alento, está disposta a axudar, a botar unha man. Toca con sensibilidade, forza, dominio, limpeza, tacto e sabor.

E cando o fai, máis dunha vez, estou segura que se lembrará de Compostela, desta sinfonía en pedra, que a agarra co seu mellor sorriso.

Somos cambiantes e nunca sabemos como imos reaccionar". Risca

polo horóscopo e ó novo catecismo. Parece que cando Teresa Berganza está en Compostela gosta moi de ir ata San Fiz a contemplar o magnífico timpán romanico. Alicia delíxase no Pórtico da

Véu polos aires o corpo do Apóstol conforme a epístola do Papa León

Anatomía dun misterio

Nas súas "Notas críticas sobre o oríxen del culto sepulcral a Santiago en Compostela", monseñor Guerra Campos, interroga: "¿Qué se esconde baixo a extrañísima intervención do Sol en el traslado del Cuerpo desde Iria a Compostela?"

Este misterio encérrase dentro dun párrafo da arcana Epístola chamada do Papa León. Foi transmitida así en latín, por López Alcina: "Septima namque die requieuit ratis inter duos rivos Ulla et Sare in locum dicitur Bisaria, et sic inde levatum est corpus eius centro solis in area".

Ou sexa, en galego, que despois de navegar sete días en barca —raís— do Apóstol, recalca nun lugar chamado Bisaria, situado na confluencia dos ríos Ulla e Sar. E unha vez chegado ali, o Corpo de Santiago é levantado polos aires cara o sol.

Logo di o suposto Papa León que os discípulos do Apóstol desconsolados ante a prodixiosa desaparición, anduvieron unha distancia de doce milímetros, ata atopar o Corpo xa sepultado "sob arcis marmóricos".

Pois ben, este feito milagroso de que o Corpo de Santiago Boanerges chegase por vía aérea á futura Compostela, moitos séculos antes de que estiviera en funcionamiento o aeroporto de Lavacolla, pasou absolutamente desapercibido ao cronista, inda que o foi da cidade xacobea durante varios anos.

De tal despiece, asimismo,



BOROBÓ

participou a inmensa maioría dos escritores que ao tratar da traslación do Fillo do Trono, sempre insistiron na leenda dos toros bravos da Reina Lupa transportando no carro de Padrón a ladeira occidental do Castro de Lovio, o santo cadáver de Jacob, o de Zebdeu, sin que fixesen ningún caso do que revelaba a chamada "Epístola do Papa León".

Iste documento fundamental da Historia xacobea foi considerado por destacados investigadores como de "una barbarie espantosa", deixa que foi estudiado científicamente por Fernando López Alcina, no seu libro tan esclarecedor: "La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media", que xa ponderéi

eiquit.

Tal epístola, atribuída por D. Antonio López Ferreiro ao Papa León III —sumo pontífice no tempo da Invención da Tumba— foi publicada na súa magna Historia de la Iglesia de Santiago, cotexando os que para el eran os tres principais textos que se conservaban dela: o do Códice Calixtino, o do Códice Escorialense e o do Breviario de Évora. En ningún deles constata que o Corpo do Apóstol fose levantado polos aires cara o sol.

Mais López Alcina, estudiou tres textos más antigos da misteriosa Epístola, dos cales soamente o Escorialense, fora reproducido por López Ferreiro, sendo deles tamén o único que fala de "Bisaria". Os outros dous, que cotexou López Alcina foron un relacionado con Limoges, e a versión de San Martín Pinario, chamado do Monte Sacro, polo seu editor Rubén García Alvarez.

Do cotexo e análisis comparativo de istos tres textos más vellos da Epístola deduxo o concienzudo investigador que debeu existir un arquétipo perdido dela na primeira mitade do século IX; polo tanto no tempo da Invención, o descubrimento, do sepulcro do Apóstol, polo anacoreta Pelayo e o bispo Teodomiro, que López Alcina sitúa —coma apuntei no meu anterior artigo— despois do 818.

E nese arquétipo, sen dúbida, afirmábase que "sic inde levatum est corpus eius centro solis in area".

Santiago, capital do teatro

O Teatro Principal, referente inexcusável na historia do teatro galego

Xusto é reconecer que o Teatro Principal de Santiago é o único do país que acolle de xeito continuado e coerente a oferta teatral galega.

Polo escenario do vello teatro compostelán pasan prácticamente todas as compañías e grupos que traballan na actualidade na difícil arte dramática.

O Teatro Principal é xa, pois, un referente inexcusável na historia inmediata do teatro galego, historia esta tecida de numerosos atracos, decididos esforzos profesionais, políticas erradas cando non fantasmagóricas e un propósito de continuidade —"todo vale tal como está"— quizais non suficientemente revisado no plano ideolóxico e absolutamente mediocrizante no plano artístico.

O certo é que Galiza conta con grandes actores e actrices,



MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

en realidade e en potencia, que, como membros de compañías ou por libre, respiran arredor de Santiago.

Primeiro foi o Centro Dramático Galego —tan 'traumático' como sempre e, despois do Teatro Principal, a recentemente criada Sala NASA, á que lle deseñamos o maior dos éxitos e o más venturoso dos porvires.

Santiago conta, ademais, co

máis alto número de compu-

nias de teatro profesional de todo o país e teñen a súa sede na cidade a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena e a Asociación de Compañías Profesionais de Teatro de Galicia.

En suma, Santiago é hoxe o centro teatral, o foco, o núcleo. Polas rúas santiaguesas ve mos pasar á admirábel xente do farándula, viciños da cida de que son, artistas composteláns que exercen. Mais Santiago, capital do teatro, é hoxe tamén capital teatral da incertidume.

¿Onde se están a pôr os ali-

cercos para un futuro Teatro

Nacional? ¿Quen está a dese-

ñar con rigor e coñecemento a

futura Escola de Arte Dramáti-

ca?

Por tradición, por amor —ai está o mestre Agustín Magán—, por cultura e por

realidade, Santiago está cha-

mada a ser a verdadeira capi-

tal do teatro galego.

Se non é así, se se despreza esta posibilidade, a cidade

máis poética de Europa será

un pouco más triste, un pou-

co máis pobre, e todos pagare-

mos por iso un alto prezo.

Mentras, a xente do teatro se-

guirá soñando e non dará sal-

do do seu soño.

